



Concello do Grove

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

EXP.: 1729/2018

ASUNTO: RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO E CONVOCATORIA DO SEGUNDO.

Reunido Tribunal Cualificador designado mediante Decreto da Alcaldía nº 2019-0704 de 23/07/2019, do procedemento de selección dun funcionario interino para a cobertura dunha praza de Técnico de Administración Xeral adscrito á área de Intervención, o día 12/09/2019 a efectos do desenvolvemento do primeiro exercicio da fase de oposición; e realizadas as oportunas deliberacións, por unanimidade dos presentes, adoptáronse os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobar as cualificacións do primeiro exercicio da fase de oposición:

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN
FLAVIA	CAMPOS LAGES,	NON APTA
MOSERRAT	CORES VÁZQUEZ,	NON APTA
EVA	FERNÁNDEZ MÉNDEZ,	NON APTA
TANIA	GALIÑANES FERNÁNDEZ	NON APTA
MARÍA DEL CARMEN	LORENZO PRADO	5,37
SARA	NOVEGIL AROSA	5,05
MARÍA DOLORES	TORRADO ARES	6,31
ELENA MARÍA	VALCARCE RODRÍGUEZ,	6,83

O Tribunal determinou que a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio se corresponde con 19 respostas acertadas, unha vez descontadas, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas, equivalendo a 5 puntos.

De conformidade co disposto na base 8º, as persoas interesadas disporán dun prazo de 2 días hábiles para efectuar reclamacións ante o Tribunal, dende a publicación dos resultados.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358



Cod. Validación: 7GJKWCH2PZ93MTZ3RWHJNLJMW2 | Corrección: <http://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello do Grove

Segundo. Determinar a data e lugar de celebración do **segundo exercicio correspondente á fase de oposición** previsto na base 7ª.4 letra “b”, convocándose ao efecto ás aspirantes que houberen superado o primeiro exercicio:

- **Data:** 20 de setembro de 2019
- **Hora:** 9:30 h
- **Lugar:** Casa da Cultura do Grove, R/ Monte da Vila s/n. CP 36980 O Grove (Pontevedra)

Para a realización do exercicio poderanse consultar textos legais e empregar calculadora.

A estes afectos, admítense copias de normativa publicadas nos Boletíns Oficiais correspondentes, así como os textos legais de calquera editorial aínda que inclúan comentarios, sempre que estes limítense exclusivamente a meras concordancias normativas, citas de resolucións xudiciais ou administrativas, ou referentes a textos publicados por autores sobre a materia. Agora ben, non se consideran textos legais: libros de texto, sentenzas, mementos e similares.

Terceiro. Publicar un anuncio cos resultados do primeiro exercicio e convocatoria do segundo, no taboleiro de anuncios (Sede Electrónica e Casa Consistorial) e adicionalmente na páxina web municipal, con indicación dos recursos procedentes.

Sen prexuízo das alegacións ou reclamacións que segundo as bases poidan realizarse,, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Concello do Grove

Praza do Corgo, s/n, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986730975. Fax: 986731358

